

BOLETÍN DA SOCIEDADE FILATÉLICA DA CORUÑA

PORTEO

BOLETÍN DE LA SOCIEDAD FILATÉLICA DE A CORUÑA

Exposición filatélica
Centenario das
Irmandades da Fala
1916-2016



**8 ao 27
novembro
2016**

Biblioteca
Salvador de Madariaga

A Coruña



Índice

Comisións de traballo	3
Saúda do Alcalde da Coruña	4
Saúda do Presidente da Sociedade Filatélica da Coruña	5
Material filatélico da exposición	6
Coleccións	7
Dúas breves incursións no ideario das Irmandades da Fala <i>Xesús Alonso Montero</i>	9
Galicia y las marcas prefilatélicas de cuño <i>Andrés García Pascual</i>	12
Lembranza da exposición filatélica conmemorativa do IV Centenario da fazaña de María Pita <i>José Manuel Barreiro García</i>	19

Agradecementos



Comisións de traballo

Presidente	José Luis Rey Barreiro
Vocais	Antonio Lojo Pérez Constantino Basanta Yáñez Díoscuro de Vicente Gorjón Francisco Dopico Fuentes Joaquín Ochoa Rodríguez Joaquín Ribera Lourido José Manuel Barreiro García Juan José de la Parte Luis Ríos Pardo Miguel Ángel Maestro Arias

Mataselos conmemorativo




Saúda Alcalde da Coruña



Que felicidade volver a estar un ano máis diante da exposición conformada pola Sociedade Filatélica da Coruña! Un ano máis, esta xa histórica entidade trae, ou máis ben devolve, á nosa cidade, un anaco da súa historia. Os selos, máis alá da súa propia función postal e de pago, son a metáfora da comunicación. A moitos e a moitas recórdanlles a tempos pasados, tempos de emigración, tamén recordos de viaxes. Aínda que representan a distancia, tamén son inexorables emisarios da vontade e do diálogo. Por iso, non se podía entender a historia da filatelia sen que esta fose ligada á transmisión da cultura e, incluso, das novidades de cada momento. É precisamente por iso que a Sociedade Filatélica da Coruña volve cada ano cunha exposición que non só é didáctica, senón que nos axuda a recordar aqueles episodios que, se ben agora se estudan nos libros de texto, nun momento, formaron parte das páxinas dos periódicos. Por esa labor, por ese mimo a unha afición que está máis relacionada coa cultura, en letras maiúsculas, que cun simple hobby, teño que amosar, unha vez máis, o meu respecto e o meu agradecemento aos homes e mulleres que conforman esta Sociedade Filatélica da Coruña, que nesta ocasión, decidiron facerse eco do centenario das Irmandades da Fala, especialmente celebrado na nosa cidade.

Hai cen anos, as Irmandades que hoxe festexamos naceron para mudalo todo. O seu inxente traballo cultural, social e político a prol de Galicia mudou conciencias, reparou feridas, sementou progreso e fertilizou mentes. Da súa man chegou o autogoberno, o Galeguismo e a pluralidade e vitalidade do republicanismo galego e coruñés. Con eles e elas comezou a falarse de igualdade. Hoxe, cen anos despois, semella máis necesario que nunca o compromiso e o ideario deste movemento que, entre outros, encabezou Antón Vilar Ponte (que xa conta cunha rúa no noso Concello) e que situou A Coruña no centro da vangarda cultural galega. Cecais, para enfrentar e resolver moitos dos problemas deste tempo, o segredo estea na palabra Irmandade. Por medio destas verbas, non podo máis que invitar a todos os veciños e veciñas desta cidade a gozar esta exposición que con tanto coidado e mimo nos preparou a Sociedade Filatélica da Coruña. Pasen e vean!

Xulio Ferreiro
Alcalde da Coruña



Saúda Presidente da Sociedade Filatélica da Coruña

Neste momento no que celébranse os 300 anos da creación de Correos, temos que ter en conta que ata hai relativamente pouco tempo non existían os medios de comunicación, a correspondencia era a única forma de transmitir a información e o coñecemento a toda a cidadanía. Xa no tempo da prefilatelia, Galicia destacaba sobre outros territorios do Estado coas súas marcas e os seus deseños, que xeneraron pezas que hoxe conservamos como verdadeiros tesouros postais.

Dende a aparición dos selos a la polo ano 1850, nosa terra foi protagonista de innumerables emisións filatélicas tanto nacionais como internacionais, así, a nosa cultura, a nosas tradicións, e as súas persoaxes, presidiron e viaxaron no anverso do correo chegando ata os puntos máis lonxanos do planeta.

A Sociedade Filatélica ten un compromiso especial coa nosa cidade, coa súa xente, e en especial coa cultura galega. Por isto, neste ano non poderíamos deixar pasar a oportunidade de lembrar e conmemorar o feito histórico da celebración do centenario no que xoves e maiores uníronse na Coruña para crear as "Irmandades da Fala". Con tal motivo a Sociedade Filatélica da Coruña en colaboración co Concello da Coruña, organizan esta mostra que reúne por primeira vez todas as coleccións filatélicas máis destacadas dedicadas a Galicia e a súa ampla cultura.

No contido desta exposición no só seleccionáronse as mellores e máis interesantes coleccións senón que recopiláronse diferentes pezas relacionadas coas Irmandades da Fala cedidas polas Bibliotecas Municipais, a Biblioteca de Estudos Locais Coruñeses e o Arquivo Municipal. Todas elas permitíranos coñecer algo máis en profundidade a este grupo de coruñeses que axudaron a deseñar unha nova visión da cultura galega.

José Luís Rey Barreiro
Presidente da Sociedade Filatélica da Coruña



Material filatélico da exposición

Selo conmemorativo



Mataselos conmemorativo



Medalla conmemorativa



Coleccións

María Elisa Abad Suárez

Unha ollada a Rosalía
A raíña chegou de Oriente
O hórreo, símbolo de identidade
De oficio afiador
Ribeiro, terra de viño
Seitureiros galegos
O circo e Vilanova dos Infantes
Galicia e os seus viños

José Manuel Barreiro García

A Galiza da diáspora

José Barros Cachaldora

Día das Letras Galegas

Dióscoro de Vicente Gorjón

Coruña
Personaxes galegos

José Ángel Gandara

Baeza en Galicia

Mateo García Barreiro

A Coruña nos selos

José María García Carreira

Galicia en guerra 1938-1945

Andrés García Pascual

Marcas postais de Galicia 1850-1900
Galicia séculos XVIII/XIX:
personaxes sobre o papel
Ferrocarril e ambulantes en Galicia. S.XIX

Beatriz González Abel	As sete letras da miña terra
Antonio Leira Noche	Historia da correspondencia en Pontedeume antes da creación da U.G.C. (UPU)
Andrés Mosquera Galán	Correo do Reino de Galicia: séculos XVII/XIX
Santiago Mosquera Galán	Censuras e franquicias de Galicia 1936-1942
Rosa Palacios Marcos	A Torre de Hércules
Manuel Paredes Rodas	O camiño de Santiago
José Luís Rey Barreiro	Trazo de tiza. Miguelanxo Prado
Víctor Rodríguez Alonso	Galicia: Segunda República (1931-1936)
Marta Verde Rodríguez	Dende A Guarda para o mundo Ao son da gaita
C.C. Cisneros	Lembranzas de D. Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas”



Dúas breves incursións no ideario das Irmandades da Fala

Xesús Alonso Montero
Presidente da Real Academia Galega

I

Antes de 1916, os escritores e eruditos con preocupacións galeguistas empregaban, na escrita –ás veces– o idioma galego, pero o castelán era o seu idioma na familia, cos seus conxéneres e nas institucións. Abonda con reparar nun exemplo, moi elocuente: don Manuel Murguía, que sempre conversou con Rosalía en castelán, en 1916, no seu fogar coruñés conversaba, neste idioma, sistematicamente, coas súas fillas Alejandra e Gala. O mesmo don Manuel, dez anos antes, en 1906, no discurso inaugural da Real Academia Galega, non utilizara o idioma galego, aínda que nalgúns parágrafos daquel histórico discurso o Patriarca afirmaba que o pobo que esquecía o seu idioma era un pobo morto (“...pueblo que olvida su lengua es un pueblo muerto”).

Antón Villar Ponte coñecía ben –e sufría– esta praxe idiomática, e foi el quen a denunciou, non só no Manifesto de 1916 senón no artigo editorial do número 1 d’*A Nosa Terra*, que vai ser o órgano oficial das Irmandades da Fala. Titúlase, moi significativamente, “A bandeira ergueita”, e nel hai unha secuencia esencial para entendermos a *idea* de Antón Villar Ponte:

Galicia é unha patria natural con lingua de seu: as dúas colunas do noso idearium, que non tiveron en conta os súbrimes Precursores, seguíndose de eiquí o seu fracaso.



Única foto dos compoñentes das Irmandades nunha viaxe a Pontedeume.
Arquivo Municipal da Coruña.

Antón Villar Ponte non lles falta ó respecto ós Precursores (Murguía, Rosalía, Pondal...), ós que califica de “sublimes”, pero denuncia carencias graves da súa galeguidade. El pensa –está plenamente convencido– que chegara a hora de que a clase media volvese ó “uso del gallego”, como proclama no Manifesto: urxía recuperar “para nuestra causa, nucleos de personas cultas”. Hóboas, sen dúbida, a partir de 1916 pero a súa eficacia, sobre a clase media foi limitada (moi limitada?).

Hoxe, cen anos despois, existen (desde hai tres ou catro décadas) grupos cultos non desdeñables moi comprometidos coa práctica do galego oral (tamén no ámbito familiar), pero a clase media e afíns, como *corpus* social de falantes, é un

mapa pouco satisfactorio. Hai dous meses preguntábame o filólogo sardo Pietro Molteni (fillo): “Que acontecerá no ano 2116?”

En calquera caso, cómpre ter moi en conta que un home da modernidade de Antón Villar Ponte sabía ben que un programa cultural –neste caso, cunha trabe lingüística– carecería de futuro se non se inscribía nun proxecto económico (e político). No mesmo artigo afirma: “non vos decatades do que queremos? A redención de Galicia está nestas dúas cousas: no fomento agarimoso da lingua e no estudo dos nosos problemas económicos, que non terán nunca –porque non poden tela– solución no actual réxime político español”.

II

Cómpre lamentar a morte prematura dun dos grandes persoeiros das Irmandades, que faleceu, no ano 1924, ós 37 anos. Así pois, a súa poderosa personalidade intelectual case non influíu na configuración sociopolítica das Irmandades da Fala. Repárese no feito de que Viqueira foi capaz de escribir este parágrafo no seu artigo “Nacionalismo e socialismo”:

Eis dous têrmos que non se poden contrapôr [...]. Mais, ¿cómo sintindo a ideal comunidade de patria, pode se tolear que haja cidadáns de dúas clás, os probes e esfaameados e os ricos e privilegiados? ¿Cómo non sentir nojo en que para os uns sejan todos os bens da vida e para outros nada? O nacionalismo non ve máis que irmáns na patria e él quere que todo o ben común pártese entre irmáns.

Así eran de modernas e progresistas as Irmandades republicanas da Coruña, con voces como as de Viqueira e Antón Villar Ponte. As Irmandades da Galicia meridional, nomeadamente a de Ourense, resultaban, para socialistas e non galeguistas, moi reaccionarias.

Ignoro como respirou Vicente Risco, aquel maxistral reaccionario, cando leu a proclama ética de Viqueira. Que se saiba, Risco nunca manifestou o seu *noxo* ou a súa radical indignación ante as graves inxustizas e desigualdades da sociedade.



Galicia y las marcas prefilatélicas de cuño

Andrés García Pascual

A la llegada a España de Felipe I “El Hermoso”, se propuso organizar un servicio de correos que sirviese, en primer lugar, a la Corona pero también a los particulares que lo requiriesen. Con tal fin trajo a España a D. Francisco de Tassis, perteneciente a una familia que ya se ocupaba de los correos en los dominios de su padre Maximiliano I. Felipe mismo ya lo había nombrado Correo Mayor de Borgoña y los Países Bajos, antes de hacerlo de España. La familia Tassis llegó a controlar los correos de media Europa.

Durante los consecutivos reinados de la Casa de Austria, a miembros de esta familia, se les siguió dando el título de Correos Mayores y por un sistema de arrendamiento explotaron el servicio de correos dotándolo de los medios necesarios para que sirviese a un Imperio que se extendía por Europa y América.

Con la llegada de Felipe V, el sentido totalitario de los Borbones le llevó a intentar controlar todos los resortes del Estado, entre ellos el servicio de correos. Y así, después de anular la concesión de los Tassis, se aborda una gran reforma del servicio, siendo D. Juan Tomás de Goyeneche “Juez Superintendente y Administrador de las Estafetas de dentro y fuera del Reino”. En 1716, Goyeneche publicó el nuevo reglamento para los correos donde, entre otros asuntos, se trataba de la utilización de marcas de cuño de mano para indicar el origen de la correspondencia. Al amparo de este reglamento, a partir de 1717 comienzan a usarse marcas de cuño por las distintas oficinas de correos. Desgraciadamente de los primeros años de uso se han localizado poquísimas marcas, hasta la fecha. Quizás en un próximo futuro, con los nuevos hallazgos podamos ir trazando un mapa más correcto y concreto de las primeras Administraciones que usaron estas nuevas marcas.

A principios del siglo XVIII había en Galicia once “*Caxas Principales del Reino*” todas ellas dependientes del “*Oficio del Correo General de Madrid*”, se encontraban establecidas en Betanzos, La Coruña, Lugo, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Orense, Pontevedra, Santiago, Sarria, Tuy y Vigo. Fueron estas primeras “*Caxas*” las que utilizaron las primeras marcas postales, que en el caso de Galicia fueron las abreviadas **G^a** y los **GALICIA** lineales. Pero, curiosamente, la marca más antigua que se ha localizado no es de ninguno de estos tipos, se trata de una marca de Santiago usada en el año 1721, con adorno de cruz y vieiras y sin texto. Una posterior organización deja a Galicia con tres Administraciones Principales (La Coruña, Lugo y Orense), con siete Administraciones Subalternas de Sueldo Fijo, con trece Administraciones Subalternas del 15% y con setenta y siete Estafetas-Carterías.

De estas cien oficinas se han localizado marcas de cuño, en distintas épocas, en setenta y ocho de ellas (es probable que en un futuro aparezcan más). Con más de cuatrocientas marcas de cuño de mano, Galicia es la Región Postal de España que más marcas tiene, amén de la variedad de los colores empleados. Sobre la belleza y variedad de sus diseños podría tratarse de una opinión subjetiva, pero todos los coleccionistas y estudiosos coinciden en que también en esto es la primera.



Carta de Jubia a Mondoñedo en 1864.
Marca de época prefilatélica usada indebidamente como matasellos.



Carta de Orense a
Valladolid en 1741.
Marca de origen de
Orense.

Algunas de estas marcas se siguieron utilizando después de la aparición del sello adhesivo en España en el año 1850. En Galicia, de nuevo, se encuentra el mayor número de marcas de época prefilatética utilizadas fuera de su periodo temporal natural. La dispersión y, sobre todo, el gran número de núcleos de población, propició esta situación. En muchas de las Estafetas-Carterías, al no contar con ninguna marca oficial, se siguieron usando estas marcas antiguas para identificar la oficina correspondiente, sin ninguna autorización de la autoridad, que dejaba hacer sin más. En muy raras ocasiones estas marcas se utilizaron para anular los sellos adhesivos.

Por otra parte, al margen de esta comunicación, hay que señalar que nuevamente nuestra particularidad geográfica fue determinante para la aparición de una serie de marcas postales singulares posteriores al año 1850, que con sus originales diseños forman un conjunto único en España; pero esta es otra historia.

Volviendo a las marcas prefilatéticas usadas para señalar la correspondencia podríamos dividir las, según la función que cumplieron, en cinco grandes grupos que englobarían más del 95% del total de las conocidas.

MARCAS GENERALES

Son las que en distintos formatos y colores, aparecen indicando el nombre de la ciudad, pueblo o región postal (no siempre coincidente con la geográfica) y que se estampaban en el anverso o reverso de las cartas para indicar el origen, el tránsito o la llegada. Dentro de este grupo se incluyen las marcas que servían para señalar la procedencia del extranjero o ultramar; también las marcas de las Agencias Postales Inglesas establecidas en algunos puertos, en el caso de Galicia en La Coruña y Vigo. La primera unificación de diseños, a nivel nacional, lo acometió D. Juan de Baeza con la creación del fechador de 1842, que después se usaría como el primer matasellos oficial del sello adhesivo español, entre enero y primeros de marzo de 1850.



Carta de Monforte de Lemos a Santiago en 1830. Marca de franqueo de Monforte.



Carta de Vigo a Caldas de Reyes en 1848. Marca de abono de Vigo.

MARCAS DE FRANQUEO

Antes de la aparición del sello adhesivo el porte de las cartas lo pagaba el destinatario; pero para el caso contrario, que lo pagase el remitente, se utilizaron estas marcas que siempre llevan la indicación “franco”, “franca”, “franqueado”, etc., y en la mayoría también el nombre o inicial de la población. Las encontramos usadas en la correspondencia oficial, sobre todo por la Administración de Justicia, siendo muy minoritario su uso por parte de los particulares. En el marco de la reforma de correos de D. Juan de Baeza en 1842 se distribuyó, con carácter nacional, a todas las Administraciones Principales y Subalternas un cuño con un diseño único con la palabra FRANCO enmarcada. Una característica de estos envíos era la marca manual de líneas cruzadas que ocupaba el total o parte del frente de la carta.



Pliego certificado de La Coruña a Madrid en 1807.
Marca CERTON A LA CORUÑA.

MARCAS DE ABONO

Las marcas de abono, **A** y semejantes, indicaban que el pago del porte del correo se aplazaba durante un tiempo, anotándose los portes en cuentas especiales. En muchos autos judiciales, de oficio o causas de pobres, el pago se aplazaba hasta el resultado de la sentencia y conocer quién era condenado a costas; en el caso de que el culpable fuese pobre se hacía cargo del pago (incluido el coste del correo) el Estado. En ningún caso se trata de una anulación del porte. En las poblaciones que eran cabezas de Partido Judicial y tuvieran Administración de Correos, tanto Principal como Subalterna, se tenían estas marcas con las que señalar los anversos de los pliegos y se ponía en el reverso el porte a satisfacer más adelante. En el caso de no disponer de las marcas de cuño se señalarían de forma manuscrita.



MARCAS DE CERTIFICADO

La modalidad del correo certificado surge por la necesidad de dar una mayor seguridad a cierta correspondencia, a cambio de un sobre porte, que pagaba siempre el remitente. En España se utilizaba el frente del pliego certificado a modo de recibo, de forma que una vez entregado al destinatario se recortaba y una vez firmado el recibí en el reverso, se enviaba a la oficina de origen por si lo reclamaba el remitente. Pasado un tiempo los frentes no reclamados se quemaban. Este hecho unido a la particularidad del servicio los hace muy escasos. En Galicia son muy pocas las marcas de cuño de mano, ya que se uso mayoritariamente la forma manuscrita. También D. Juan de Baeza unificó los diseños con un CERTIF dentro de un cartucho. Una característica casi general de los envíos certificados, en esta época, son las marcas a mano con forma de aspas que se ponían en los bordes del pliego.



Carta de Ferrol a Couzadoiro en 1842. Porteo 14 ½ cuartos de Ferrol.

MARCAS DE PORTEO

Estos signos numerales y abreviaturas de carácter monetario son los auténticos presellos ya que con ellos se indicaba el importe a pagar por el servicio. Los encontramos estampados en diferentes colores principalmente en los anversos y en casos concretos en el reverso. Los primeros estampados con cuño manual los encontramos en el último cuarto del siglo XVIII. Los de Galicia los he estudiado a lo largo de los años y he catalogado más de cuatrocientos modelos usados en las poblaciones gallegas.

Lembranza da exposición filatélica conmemorativa do IV Centenario da fazaña de María Pita (1589-1989)

José Manuel Barreiro García

Vicepresidente 1º da Sociedade Filatélica da Coruña

Nas murallas da Cruña érguese airosa
a súa fronte cara ó extranxeiro.
Sostiña nunha man taxante aceiro,
na outra man a bandeira victoriosa...

Deste xeito relatou o poeta a fazaña da coruñesa María Mayor de Cámara e Pita, máis coñecida como María Pita, ante as tropas dos piratas ingleses Francis Drake e Norris durante 15 días do ano 1589.

Dende aquela a heroína ficou no imaxinario popular como defensora das liberdades e, no ano en que se cumprirán os catrocentos da fazaña, o Concello da Coruña quixo celebralo de xeito extraordinario organizando ao longo de todo el unha serie de actos e exposicións conmemorativas.

A Sociedade Filatélica da Coruña non podía permanecer allea ós acontecementos e ofreceuse a facer unha Exposición Filatélica que sería lembrada como unha das mellores mostras realizadas en España en moito tempo.

A magnitude, importancia e éxito da mesma estivo asegurada pola incalculable calidade dos coleccionistas que, agás de prestar a súa colección, cada un deles escribiu un artigo que se recolléu nun libro que marcou un fito na Literatura Filatélica Española.



Cuberta do libro da exposición.

Mataselos conmemorativo da exposición.




Franqueo Mecánico do IV Centenario María Pita.

Pola súa banda o Concello utilizóu durante todo o ano un Franqueo Mecánico anunciador dos actos do IV Centenario, empregando para elo e como logotipo dos mesmos un debuxo de Isaac Díaz Pardo representando unha idealizada María Pita.

A Sociedade Filatélica da Coruña solicitóu de Correos a concesión dun mataselos conmemorativo, que foi deseñado polo artista ferrolán Siro López e que serviu para mataselar tódala correspondencia depositada na Sala de Exposicións durante os días que durou a mostra e que, asimesmo, representaba outra faciana da heroína.

NOMBRE EXPOSITON	TITULO COLECCION	NOMBRE EXPOSITOR	TITULO COLECCION
ENTRERIS POSTALES Hernángez Avelo García Jesús Pablo Vascosela	Entreros Postales Oficiales de España España: Dársica Pastora Particionada	CORREO ESPAÑA José Domínguez Casado José MP Salspuga y Purr A. Hongo	Correo España 1P44 Correo en España
ESTUDIOS Andrés García Pascual Rafael García de Haro José SP Alarcón Mimbana José Emilio Salazar	Galicia S. XVII-XIX-Correo Correo Mareas y Proliferación de sellos para el Correo Central de Madrid hasta 1900 La Fazaña de María Pita Reyes en el R.202 Mareas de Fazaña de Pirovoro Historia de Galicia Nolas Párra e Poesías de Tagoas Estatos de los Sellos de España de 18 Cast- 184. Correo Postal con Bélgica 1860-70	PREFILATELIA ESPAÑA Antonio García Pascual Francisco Leizaola Lasaola José Chacón García	Pre-filateria Bateria de Galicia S. XVII-XIX Epifanía Filatélica en España Pre-filateria de Galia y Menores Galicia España 1870-85 1P Postal de la Emisión de 1860 Clases de España Clases, Sellos II
PREFILATELIA DEPENDENCIAS POSTALES Correos Puertos de Canarias Francisco Camino Zamalloa Francisco Camino Zamalloa Angel Mendiburu Galarraga Carmelita Th. A. Houghan	Sistemas del Vicerreino de la Nueva Granada Mareas colonias: España Filatelia de las Islas Baleares El Correo en el Vicerreino del Rio de la Plata El Correo Postalístico marítimo de los Puertos de Hispanoamérica	GOBIERNO PROVISIONAL José Emilio Salazar	Estado Postal de la Emisión de 1870
RESTO DEPENDENCIAS POSTALES Luis Arceyaga Iribarren Diego José González Castrocho Francisco Ansolá Beagudo J. M. Adolfo Calabrese J. M. Adolfo Calabrese	Los Ferrocarriles de los Territorios de Filipinas 1898-99 Paises Paises de las Antillas Españolas Francisco Pío Suces de Arica Filipinas	MATRONAY AMADEO I Antonio Pascual Salazar	Matronay Amadeo I
EXTRANJERO Manuel Esteban Rodríguez Isidro Pardo Negredo	Rusas: costumbres y bellositas Categoría especial de los sellos de Moldavia, Macedonia y Rusia de Europa Venezuela Luzaga (P. Pinta) 1866-1872 Paraguay Paises: Italia, Corea y Bélgica	I REPUBLICA Antonio Pascual Salazar	I República y Galicia
Enrique Martín de Bustamante Angela Roca Yago Angela Roca Yago Manuel Zaragoza Ruiz de Arcaño	Europa Venezuela Luzaga (P. Pinta) 1866-1872 Paraguay Paises: Italia, Corea y Bélgica	CORREO CARLISTA Borjael Ansolá García	Guerra Carlista
COLECCIONES TEMATICAS Manuel Esteban Rodríguez José Antonio Mazaola Sique Francisco Rodríguez Terán José María Ten Maseu Pilar de Albornoz Campos Antonio Castellano Pardo Enrique Martín de Bustamante	El Correo El Añete El Sordado protagonista del Espanto y su oratorio El Correo visado extranjero en los BORNEO La Fazaña de conmemorar P. P. P. El Añete en la Galicia Personajes	ALFONSO XII Antonio Pascual Salazar	Alfonso XII
		ALFONSO XIII Antonio Pascual Salazar	Alfonso XIII
		II REPUBLICA Antonio Pascual Salazar	Alfonso XIII
		II REPUBLICA Antonio Pascual Salazar	Alfonso XIII
		ESTADO ESPAÑOL José A. Navarro Rodríguez José MP Lasaola Salspuga	Estado Español (1808-1909) Estado de la serie de Correo Afonso "La Coruña", Emisión de Bélgica 1919, 2º Serie Madrid y sellos con correo del Autónomo Las Islas del Canal de Panamá España: estado de la Emisión de "GIRA" 80 Cts a Isabel la Católica", 1811

Tríptico da exposición.



A Exposición tivo lugar no incomparable marco da Estación Marítima que, dous anos antes, fora rescatada como Sala de Exposicións pola nosa Sociedade por mor da Exposición Filatélica de Europa e América "ESPAMER 87". Nela participan as 54 mellores coleccións de España tendo unha abondosa representación de tódalas facetas da Filatelia.

Por primeira vez Correos concedeu ademais unha etiqueta franqueadora en cor azul, que foi empregada tódolos días da Exposición, do 15 ó 24 de setembro nos seus dous valores, local, de 8 pesetas e nacional, de 20.



Durante os días que durou a Exposición as diferentes entidades públicas e privadas ofreceron ós participantes a ocasión de coñecer A Coruña e os seus arredores, así a Deputación Provincial levounos ó Pazo de Mariñán, na próxima vila de Bergondo. Tiveron tamén unha comida no Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela, unha visita guiada á Central Térmica de Meirama ofrecida por Unión-Fenosa e unha recepción no Concello da Coruña así como entrada libre ao Casino do Atlántico.



Invitación do Casino Atlántico aos participantes da exposición.

Recepción no concello da Coruña.



Para conmemorar tódolos actos o Concello encargou varios obsequios que foron distribuídos entre os asistentes.

A Cea de despedida foi celebrada no Restaurante Playa Plub, ubicado na Praia de Riazor e no transcurso da mesma, foron entregados os trofeos ós participantes, trofeos consistentes nun valioso Galo de Sargadelos.

E así rematou unha das mellores Exposicións Filatélica feitas na Cidade da Coruña onde, como é sabido, "Ninguén é forasteiro", como recoñeceron os coleccionistas de toda España que nela participaron e que, de cotío, veñen a nosa cidade a participar en cantas exposicións facemos.



A Directiva da Sociedade Filatélica da Coruña co concelleiro de Cultura.



Medallas conmemorativas do IV Centenario de María Pita.



Trofeo de Galo de Sargadelos.





Necrolóxica

Meses atrás lamentados a perda de dous sa-
lientables socios da nosa Sociedade.

Primeiro do que fora Presidente, José Luis
López-Sangil, home de singular cultura era, á
súa vez, Presidente da Asociación Cultural de
Estudios Históricos de Galicia. Estudioso do
monacato deixou a súa pegada en numerosos
libros e, os seus coñecementos filatélicos en
moreas de artigos na Revista Porteo.

E pouco despois, o 26 de febrero, foise o noso
Socio de Honra e Medalla Ouro da Sociedade Fi-
latélica da Coruña, Armando Fernández-Xesta,
alma das Exposicións Militarias polas que me-
receu a Medalla ao Mérito militar. Pozo de co-
ñecemento da Historia postal de todo o mundo
deixounos a súa obra póstuma Ejércitos y
campañas. Tomo I “Testimonios postales de la
historia de España” y Tomo II “De Isabel II a la
II República”.

Descansen ambos en Paz.



PORTEO

Porteo é una marca rexistrada
da Sociedade Filatélica de A Coruña

SOCIEDADE FILATÉLICA DE A CORUÑA

R/ Juan Flórez, 36 - 1º D e J
15004 A Coruña

Correspondencia:

Apartado de Correos 611
15080 A Coruña

Teléfono:

981234455

E-mail:

porteo@mundo-r.com

SociedadFilatelicaCoruna@mundo-r.com

Web:

www.porteo.es

Facebook:

[www.facebook.com/SOCIEDAD FILATELICA
A CORUÑA](http://www.facebook.com/SOCIEDAD_FILATELICA_A_CORUÑA)

Apertura:

Martes e xoves de 19:00 a 20:30 h

Primer domingo do mes de 12:00 a 13:30 h

Deseño gráfico e
maquetación:

mazairagrafismo sl

Impresión:

Gráficas Mera, sl

Depósito Legal:

C 2908-2006